



Web 2.0: un novo enfoque para Internet

José M.ª Aguilera Carrasco
Asesor de TICs
CEFORE da Coruña

A Web 2.0, ou rede social, refírese á transición que se opera en Internet dende as webs tradicionais ata as aplicacións web destinadas a usuarios.

Os impulsores desta interpretación agardan que os servizos da Web 2.0 substitúan as aplicacións do escritorio en moitos usos.

Son redes sociais de intercambio de coñecemento entre profesores, alumnos, familias, membros dunha comunidade, municipio, etc.

Na Web 2.0 os usuarios son os reis. Redactan, editan, comparten, fotografan ou envían vídeos e creacións persoais. A filosofía é participar, crear e compartir contidos.

Na participación virtual da Web 2.0, os internautas comparten con colegas, amigos e familiares, escribindo e votando artigos favoritos de Internet, por exemplo. Converténdose en redactores, editores, músicos, produtores, sen esperar nada a cambio. Segundo a revista inglesa *Time*, actualmente os usuarios crean o 80% dos contidos en Internet. Os impulsores da Web 2.0 cren, daquela, que o seu emprego se orienta á interacción e á creación de redes sociais, que poden servir contidos capaces de quitar proveito dos efectos das redes, con ou sen a creación de webs interactivas e visuais. Isto é, os sitios Web 2.0 actúan máis como puntos de encontro, ou webs dependentes de usuarios, que como webs tradicionais.

Coa Web 2.0 inténtanse construír aplicacións lixeiras, sinxelas e específicas, ás que poidamos acceder dende un navegador. Preténdese, por tanto, proporcionarles ferramentas aos usuarios para que poidan traballar en Internet dende calquera lugar.

Engloba tecnoloxías como RSS (sindicación e agregación de datos) e AJAX (técnica de desenvolvemento web para crear aplicacións interactivas) e aplicacións como:

<http://del.icio.us/>
<http://maps.google.com/>
<http://flickr.com/>
<http://es.wikipedia.org/wiki/Portada>
<http://www.podcastellano.com/>
<http://www.podgalego.org/>
<http://www.blogger.com/start>
<http://www.netvibes.com/>
<http://spaces.msn.com/?mkt=es-es>
<http://www.escolar.net>

Podcast

Con *Podcasting* referímonos á creación de arquivos de son. Permítelle ao usuario subscribirse e utilizar un programa para descargarlos e escoitalos nun reprodutor portátil ou no propio ordenador no momento que deseñe.

O termo *podcasting* é o acrónimo das palabras inglesas: *public on demand e cast*. E esta é a idea xeral do podcast: unha emisión pública descargada baixo demanda. Trátase de arquivos de audio que se poden escoitar con calquera reprodutor compatible cos distintos formatos existentes: mp3, ogg, etc.

Un *podcast* aseméllase a unha subscrición a unha revista falada na que se reciben os programas a través de Internet. Unha vantaxe do *podcast* radica na posibilidade de escoitar en lugares sen cobertura.

Un weblog ou bitácora

O weblog, coñecido tamén como blog ou bitácora, é un sitio web que se actualiza con regularidade e que recompila cronolóxicamente textos ou



artigos de un ou de varios autores. Ten temática ou uso particulares, no que o artigo más recente aparece primeiro. O autor ten sempre a liberdade de deixar publicado o que considere pertinente. Hai weblogs de tipo persoal, xornalístico, empresariais ou corporativos, tecnolóxicos, educativos, etc. A eles xa aludimos no apartado sobre Internet como contorno de expresión. Agora só indicaremos algúns datos xerais tocante á súa xestión e mantemento.

Existen ferramentas de mantemento variadas de bitácoras que permiten, moitas delas de balde e sen necesidade de elevados coñecementos técnicos, administrar todo o weblog, coordinar, borrar ou reescribir os artigos, moderar os comentarios dos lectores, etc., dunha forma case tan sinxela como administrar o correo electrónico. Actualmente o seu modo de uso simplificouse ata tal punto, que case calquera usuario é capaz de crear e de administrar un blog.

As ferramentas de mantemento de weblogs clasífiicanse, principalmente, en dous tipos:

- aquellas que ofrecen unha solución completa de aloxamento, gratuita (como *Blogger*), e
- aquellas soluciones que consisten en software que, ao instalarse nun sitio web, permiten crear, editar e administrar un blog directamente no servidor que alberga o sitio (como é o caso de *WordPress*). Este software é unha variante das ferramentas chamadas sistemas de xestión de contido (CMS), e moitos son gratuitos.

Facer interfaces intuitivos e sistemas claros de interacción

Ata agora, ao chegar a unha páxina a maioría dos usuarios saben como interactuar: se ven un enlace saben que é para ir a outra páxina, coñecen que deben premer un botón para realizar unha acción ou, nun formulario, saben como seleccionar elementos mediante botóns de opción, cadros de verificación, etc. Nas novas aplicacións, a interacción é moito maior, pero os usuarios non teñen aínda un modelo mental claro de funcionamento. Introdúcense novedades que lles poden

causar problemas, pois non son tan intuitivas nin seguen as convencións actuais, de aí que os usuarios non saibam o que deben facer para interactuar. Isto esixelles un proceso de aprendizaxe, que pode resultar difícil para algúns.

Diane dun mapa interactivo de Google, o usuario pode ignorar como interactuar, non decatarse de que, premendo o rato e manténdoo pulsado sobre un punto do mapa e arrastrándoo, pode desprazarse por el.

Principios das aplicacións Web 2.0:

1. A web é unha plataforma, é gratuita.
2. Son contornos fáciles para o usuario.
3. Cada vez utilízanse máis, posto que os efectos da rede facilitan a participación.
4. A innovación nace das mesmas características distribuídas por usuarios independentes.